

Río Tâmega

Adela Leiro, Mon Daporta




NACEMENTO E FONTES	Monte Talariño (960 m de altitude), na serra de San Mamede.
LONXITUDE	145 km, 51 km en Galicia.
PERCORRIDO: PAÍSES	España (Galicia) e Portugal.
PERCORRIDO LINEAL	Poboacións: Laza, Verín, Chaves, Amarante, Entre os Ríos.
DESEMBOCADURA	Rio Douro (Portugal)
CUNCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	Superficie: 3.200 km ² (624 km ² en Galicia) Concellos (en Galicia): Laza (40%), Castrelo do Val (10%), Verín (10%), Monterrei (30%), Oímbra (10%) NORTE: Monte Talariño, serra de San Mamede LESTE: San Mamede, Pena Nofre, Penas Libres, A Pradela, Alvão, Marão. OESTE: Larouco, Barroso
AFLUENTES DEREITA	Carraxo, Souteliño, Barcelo, Bubal ou Vilaza (en Galicia); Terva, Beça, Muimenta e Ouro (en Portugal) Río Búbal ou Vilaza : nace na serra do Larouco e xúntase ao Távemea en Vilaza. É o principal afluente en terras galegas. Río Beça : nace na serra do Barroso e, despois de 45 km xúntase co Távemea preto de Cavez. É o afluente máis longo do Távemea.
AFLUENTES ESQUERDA	Portas, Barxa, Cereixo, Abedes e Feces (en Galicia); Oura, Louredo, Cabril, Olo e Ovelha (en Portugal). Río Cereixo : nace nos montes de Correchouso e xúntase co Távemea en Laza. Río Olo : nace na serra do Alvão, nas proximidades de Lamas de Olo e xúntase co Távemea en Fridão, despois de 36 km de percorrido cun gran desnivel. Río Ovelha : nace na serra do Marão e xúntase co Távemea en Marco de Canaveses.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O Távemea discorre por un val estrutural que segue a liña de fractura Verín-Régoa. Desde o monte Talariño (Alberguería) baixa nun primeiro tramo de fortes pendentes, remánsase polas veigas de Laza e a depresión de Monterrei e continúa por Chaves (Portugal). Logo discorre profundamente encaixado ata se botar no Douro. Nas cabeceiras dos seus afluentes hai fortes desniveis e abundan os ráoidos e as fervezas. REGO DO CORNO; un afluente do Río das Cabras ou de Correchouso que cae desde o monte do Corno (Toro) nunha longa serie de saltos que rematan no fondo do barranco da Armada, uns 300 m máis abaixo. REGO DE BARXAS OU DA PROFITA: un afluente do río do Cereixo (Távemea) que baixa da Portela do Campo dos Carros formando varios saltos. REGO DE AUGAS ALTAS: un afluente río do Cereixo (Távemea) que Baixa do alto da Vereas. OS MUÍÑOS: en Laza, no río Trez, afluente do Cereixo. REGO DA FERVENZA: en Vence (Monterrei), no rego da Fervenza, un afluente do Távemea que baixa dos montes da Meda. REGO DO PICHO: en San Millao (Cualedro), nunha das cabeceiras do Búbal ou Buble, ESPIÑO: en Espiño (Oímbra), no río Azueira, un afluente do Búbal. POZO DO DEMO (FRAGA DE LOBOS): en Abedes (Verín). No Rego das Quintas, un afluente do río Abedes que nace no monte Fraga de Lobos. FIGAS DE ERMELO: no río Olo, na serra do Alvão. O río cae nunha profunda fenda en varios saltos cunha altura total de máis de 200 m.
CLIMA	Atlántico con áreas de influencia mediterránea.

TIPO DE RÉXIME	Pluvial, con algunhas achegas de neve dos cumes. O réxime é moi irregular, con augas altas de outono a primavera e fortes secas no verán.
CAUDAL	69 m ³ /s
FLORA	A vexetación máis representativa é a asociada ao río e as súas marxes (veigas de asolagamento e pozas antrópicas naturalizadas nas zonas cháns) son os bosques de ribeira con amieiras, freixos, salgueiros, fentos, espadanas, pé de boi, xuncos... Nas beiras máis abruptas hai carballos, sobreiras e matogueiras. Unha gran área está repoboada con piñeiros.
FAUNA	O val do Támega mestura especies tipicamente atlánticas con especies mediterráneas, algunhas moi raras en Galicia. Peixes: destaca o barbo (<i>Barbus barbus bocagei</i>), especie restrinxida ao extremo máis meridional de Galicia e o cacho (<i>Leuciscus caroliterti</i>). Anfibios: gran variedade entre os que destaca o sapo de esporóns (<i>Pelobates cultripes</i>) Réptiles: cobra sapeira, sapocuncho europeo... Aves: no val do Támega, en Verín hai 110 especies entre sedentarias e visitantes. Crían o lavanco (<i>Anas platyrhynchos</i>), a pillara pequena (<i>Charadrius dubius</i>), o picapeixe (<i>Alcedo atthis</i>), o ouriolo (<i>Oriolus oriolus</i>)... Ademais hai unha gran variedade de invertebrados, en especial insectos.
APROVEITAMENTO	Subministro de auga, enerxía hidráulica (muíños, centrais hidroeléctricas), pesca, lecer... O principal encoro é o de Torrão, en Marco de Canaveses, construído en 1988, cunha potencia instalada de 146 MW e unha produción anual media de 228 GWh. En todo o val do Támega hai mananciais de augas termais e medicinais aproveitados en diferentes balnearios: Sosas, Cabreiroá, Chaves, Vidago, Augas Salgadas...
ESPAZOS PROTEXIDOS	LIC: "Río Támega" : inclúe o curso do río Támega ata a fronteira con Portugal e parte do curso dos seus afluentes Trez, Vilaza e Abedes, así como as veigas de Laza e Castrelo do Val e a Fraga dos Lobos. O maior interese deste espazo reside nas veigas e gándaras que se forman arredor dos ríos onde hai unha variada flora e fauna acuáticas. LIC: "Macizo Central" : protexe os cursos altos dos afluentes do Támega que nacen nestas serras. LIC: "Vidaferré" , protexe parte do val do Bubal e o do seu afluente o Azoreira. LIC; "Alvão / Marão" , inclúe a marxe esquerda do Támega e o cursos dos seus afluentes Louredo, Cabril, Olo e Ovelha. PARQUE NATURAL DO ALVÃO : protexe as cabeceiras do río Olo.
DATOS HISTÓRICOS	O nome do río é pre-romano, dunha raíz indoeuropea *tam- "de cor escura", que aparece noutros nomes de ríos galegos (Tambre, Támoga, Tamuxe...) Do nome do río deriva o do pobo pre-romano dos tamagni, que habitaba o val de Monterrei. Ao longo do Támega consérvase un rico patrimonio histórico artístico: castros, núcleos históricos, pontes, muíños...
CURIOSIDADES	No río Olo, un dos afluentes do Támega, atópase a ferverza máis alta de Portugal. Na cunca do Támega hai varias áreas vitivinícolas. En Galicia atópase a D.O. Monterrei.
PROBLEMAS	Especies invasoras, obras na canle, destrución de ecosistemas, contaminación...

RÍO TÁMEGA

NACEMENTO: monte Talariño



DESEMBOCADURA: río Douro (Entre os Ríos)